

COMUNICADO Nº 140/23

07 DE XULLO DE 2023

**ACORDO COA TVG PARA A CREACIÓN DUN PROGRAMA DE TELEVISIÓN E
DÚAS RETRANSMISIÓNS EN DIRECTO NO GALEGO DE RALLYES DE 2023**

Logo de varios meses de negociacións entre o Presidente da Federación Galega de Automobilismo, Antonio Rodríguez Troitiño, e a Televisión de Galicia, chegouse a un acordo para a creación dun programa de 20 minutos de duración con imaxes dos distintos Campionatos de Autonómicos (a partir do Rallye Pazó Tizón de O Carballiño) e a emisión en directo de dúas probas do certame nesta tempada que serán anunciadas nas vindeiras xornadas.

Este acordo permitirá que tanto os federados, organizadores e afeccionados teñan unha maior visibilidade a accesibilidade ao automobilismo galego, unha das tarefas pendentes dende fai varios anos.

Nos próximos días tamén será anunciada a productora encargada de poñer en marcha este proxecto que consideramos será moi beneficioso para o deporte do motor galego.